

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **ARBO**

##### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

###### *APROBACIÓN PREZOS PÚBLICOS DE TORNEO DE FÚTBOL SALA "VILA DE ARBO"*

#### *A N U N C I O*

Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado, por delegación do Plenario, en sesión ordinaria celebrada o día 12.06.2017 aprobouse o prezo público pola participación na competición deportiva municipal denominada "Torneo de Fútbol Sala Vila de Arbo", polo que en cumprimento do disposto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese a súa publicación para facelo público:

*PRIMEIRO:* Fixar o prezo público pola participación na competición deportiva municipal denominada "Torneo de Fútbol Sala Vila de Arbo", organizada polo Concello, en 75 € por equipo do seguinte xeito:

#### **"PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DENOMINADA "TORNEO DE FÚTBOL SALA VILA DE ARBO" ORGANIZADA POLO CONCELLO DE ARBO**

##### **Artigo 1.—Obxecto**

Será obxecto deste prezo público a participación na competición deportiva municipal denominada "Torneo de Fútbol Sala Vila de Arbo" organizada e desenvolta polo Concello de Arbo.

##### **Artigo 2.—Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento do prezo público establecido nace dende o momento no que se formalice a inscrición na referida competición nos termos previstos nas bases aprobadas para este torneo e se confirme a correspondente alta na competición.

O pagamento do prezo público deberá efectuarse mediante ingreso no número de conta bancario que figura no formulado de inscrición no prazo de 36 horas tras a inscrición en modelo facilitado polo Concello e unha vez confirmada a alta na competición.

Coa solicitude de inscrición correspondente deberá achegarse copia do xustificante de pagamento.



Venres, 23 de xuño de 2017

Núm. 120

**Artigo 3.—Obrigados ao pagamento**

Quedan obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados, as persoas e entidades que soliciten a inscrición neste torneo.

Dita obriga nace no momento da solicitude de participación na actividade e extingúese co disfrute desta.

**Artigo 4.—Contía**

A contía do prezo publico fíxase en 75,00 € por equipo.

**Artigo 5.—Normas de xestión. Administración e Cobranza****5.1. Forma de pagamento**

Mediante ingreso no número de conta bancario que figura no formulado de inscrición no prazo de 36 horas tras a inscrición en modelo facilitado polo Concello e unha vez confirmada a alta na competición.

**5.2. Baixas e devolucións**

a) Poderán solicitarse por escrito 20 días antes do inicio da competición, procedéndose á devolución da cantidade entregada a conta.

En ningún caso se procederá á devolución do prezo pagado unha vez iniciada a prestación do servizo.

b) Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo público, non se desenrole a actividade, procederá a devolución do importe que corresponda, previa petición da persoa ou entidade interesada, acompañando a súa petición o orixinal do xustificante de pagamento ou recibo acreditativo do pagamento realizado.

c) As débeda por prezos público poderán esixirse polo procedemento de constrinximento.

**Artigo 6.—Normas complementarias**

No non previsto no presente texto regulador e que faga referencia á aplicación, xestión, liquidación, inspección e recadación deste prezo público, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais lexislación de carácter local e xeral que lles sexa de aplicación; en especial o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Regulamento Xeral de Recadación e demais normativa concordante.



Venres, 23 de xuño de 2017

Núm. 120

### **Artigo 7.—Entrada en vigor**

Os presentes prezos públicos e o seu texto regulador entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP.

*SEGUNDO.*—Dar publicidade a este acordo no BOP de Pontevedra.

En Arbo a 15 de xuño de 2017. O Alcalde, Horacio Gil Expósito.

Código seguro de verificación: 0ED08WE5VVSU018K

